

**Acta núm. 24/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 10 de outubro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 10 de outubro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 23/2019, DO 03.10.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 23/2019, DO 03.10.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.10.2019, acta núm. 23/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS RIVERO DE AGUILAR SOBRINO, na que comunica que vai limpar con auga a presión e pintar as fachadas da vivenda sita na Urbanización Montedevesa nº47 – Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 6246130NH2464N0001SD, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,44 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 41,44 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ginés Viudez Ruido, que di actuar en representación da CC.PP. URBANIZACIÓN PASEO DO PEDROUZOS, na que comunica que vai pintar a totalidade das zonas comúns do garaxe da Urbanización Paseo do Pedrouzos – Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº6357807NH2465N000, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 95,66 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 95,66 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO FRAGA CAMIÑO na que comunica que vai levantar un muro de peche de aproximadamente 27 metros lineais, de separación entre dúas propiedades, con bloques e postes de formigón, na vivenda sita en Coruxido nº7 – Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte cega de bloques terá unha altura máxima de 1,20 metros e a altura total non será maior de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.
- A zona que se execute en bloque de formigón quedará convenientemente enfoscada e pintada en cor branca ou unha cor clara e neutra das tradicionais da zona.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,99 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,56 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO OLVEIRA ZUMALAVE, na que comunica que vai limpar e encintar as fachadas de pedra da vivenda situada en Chave de Ponte nº18, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 9011401NH2491S0001XT, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade

e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 6,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN AGRAFOJO CAAMAÑO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita en Vioxo de Arriba nº 7 – Luaña, substituíndo a tella existente en mal estado por pranchas de uralita e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (1838605NH2413N0001EX) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Vioxo de Arriba, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como LE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 139,74 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 204,31 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUELA CREGO MOURO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita en Chave de Carballo nº8- Bastavales, substituíndo a tella existente en mal estado por pranchas de uralita e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (9117702NH2491N0001LB) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 137,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ JAVIER RON FERNÁNDEZ, na que comunica que vai impermeabilizar a cheminea e as velux, e reparar a cuberta substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación dunha vivenda sita en Avda. Santa Minia nº33 – Brión.

A parcela (6257203NH2465N0004SP) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza

nº2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,46 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,03 euros.

3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión derivando o condutor RZ 50 existente en apoio de formigón e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 5m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pedro Tizón Barro, con visado do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña do 27.08.2019, visado nº 2639/19-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº 8205706NH2480N0000AZ), situase en Outeiro nº30 e está clasificada como solo de núcleo rural consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM, e conta con licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar outorgada pola Xunta de Goberno o 02.06.2008.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 334,77 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,95 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,52 euros.

4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por FRANCISCO JAVIER IGLESIAS VILLAR, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Reboredo Grande 12, Bastavales, que conta con licenza para a construción concedida pola Xunta de Goberno o 16.11.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 20.06.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAQUEL GUNDÍN SÁNCHEZ e PABLO VÁZQUEZ VILLAR, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Sabaxáns nº86 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Mercedes Muñoz Jauregui alzo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.02.2019 e a documentación complementaria visada o 03.06.2019 (nº expte. 1900912).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº 7918905NH2471N0001GS, está situada en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado pola arquitecta Mercedes Muñoz Jauregui alzo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.02.2019 e a documentación complementaria visada o 03.06.2019 (nº expte. 1900912).

- Como garantía da urbanización do espazo xa cedido coa expropiación á estrada AC-300, que implica a pavimentación pendente deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.054,32 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas:223,86 euros.

Total: 2.278,18 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González